



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DON LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER

Logo de ver a providencia de alcaldía de data 09/12/2019, polo que se inicia o expediente de consolidación/estabilización de emprego temporal entre outras das prazas de Animador/a Sociocultural, Educador/a de Familia, Orientador/a Laboral e Traballador/a Social.

Logo de ver que por Resolución da Alcaldía de data 5 de xuño de 2020 (Decreto nº 2020-0241) se aprobou a oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Sober para o ano 2020 para o proceso de consolidación/estabilización de emprego temporal entre outras das prazas de Animador/a Sociocultural, Educador/a de Familia, Orientador/a Laboral e Traballador/a Social.

Logo de ver as Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 3 de marzo de 2.021, xunto coa composición do tribunal e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 57 de data 11/03/2021, así como as publicacións das listas provisionais de admitidos e excluídos (Resolución da alcaldía de 30 de abril de 2021) das prazas anteriormente relacionadas (B.O.P de Lugo nº103 de 8 de maio de 2021) taboleiro de anuncios do Concello de Sober e páxina web (www.concellodesober.com), as listas definitivas de admitidos e excluídos (Resolución da Alcaldía de data 25 de maio de 2.021) das anteditas prazas (B.O.P de Lugo nº121 de 31 de maio de 2021) taboleiro de anuncios do Concello de Sober e páxina web (www.concellodesober.com).

Tendo en conta que realizado o correspondente proceso selectivo o Tribunal propuxo a esta Alcaldía o recoñecemento como Persoal Laboral Fixo da Praza de Orientador/a Laboral de Dña. Beatriz Vivirido Quevedo con D.N.I.: 76623382D.

Pola presente RESOLVO:

1º.- O nomeamento de Dña. Beatriz Vivirido Quevedo con D.N.I.:76623382D, como Praza de Orientador/a Laboral coa consideración de persoal laboral fixo do Concello de Sober, coas consideracións establecidas no proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal.

2º.- Modifíquese o Anexo de Persoal da Corporación Municipal.

3º.- Elaborar e tramitar os correspondentes contratos como persoal Laboral Fixo a nome da traballadora que superou o proceso selectivo Dña. Beatriz Vivirido Quevedo con D.N.I.: 76623382D.

4º.- Notifíquese persoalmente á interesada.

5º.- Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Luis Fernández Guitián; en Sober, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Ante min, o Secretario

Luis Fernández Guitián

David Criado Taboada

